

Envíovos novo traballo. Dalgunhas cousas envío o mesmo porque parece que o traballo que enviéi dá para máis dunha semana.

Tomádeo con moita calma. Nós temos que seguir enviándoos cousas porque é o noso traballo pero facede o que poidades.

Lembrádevos de disfrutar este tempo en familia e aproveitar para que os nenos afiancen hábitos:

- de aseo personal
- de vestirse e desvestirse
- abotoar, desabotoar
- etc...

e tamén que colaboren nas tarefas da casa:

- ordenar o seu cuarto e os seus xoguetes
- botar unha man coa comida ou poñendo a mesa ou recollendo
- limpando a casa
- etc...

Pero sobre todo disfrutade de estar xuntos.

1. Traballar as rutinas diarias cada día:

Son as mesmas que as da semana pasada. No cole traballámolas todos os días. Cambiamos cada trimestre ás cancións. E cada mes a folla do calendario.

- Sinalar nun calendario o día e o mes
- Comentar en qué día da semana estamos e a estación do ano.
- Contar os días do mes ata o día en que estamos.
- **Contar os días que faltan para que remate o mes** e para os cumpleanos do mes.
- Repasar os días da semana e os meses e as estacións do ano (**lembrádelles que xa comenzou a primavera**)
- Mirar pola ventá e fíxase no tempo. Pódese debuxar nunha pequena tarxeta o estado do clima de cada día (chuvioso, anubrado, ventoso, etc...) Ao final de cada semana pódese agrupar as tarxetas e contar cuántas hai de cada tipo.

Para isto podédevos axudar das cancións que cantamos na clase e que vos poño a continuación:

- [Buenos días](#)
- [Los días de la semana](#)
- [Los días de la semana-Cantajuego](#)
- [Los meses del año](#)
- [Y lloverá](#)
- [¿Cómo está el clima?](#)

Envíovos en arquivo adxunto a folla do calendario deste mes, pero podedes usar calquera outra que teñades pola casa.

2. Escribir o nome propio en maiúsculas e minúsculas, seguindo os modelos adxuntos.

3. Escribir e repasar os números do 1 ao 5. Adxúntovos unhas fichas.

De momento continuamos co traballo que enviéi a semana pasada. Creo que hai de abondo.

4. Escribir e repasar ás vogais, especialmente a “E” “e”. Adxúntovos unhas fichas nas que deben repasar, rodear ou colorear.

Tamén poden buscalas en revistas, catálogos, contos ou outros textos que teñades pola casa, así como palabras sinxelas que se vos ocorran.

De momento continuamos co traballo que enviei a semana pasada. Creo que hai de abondo.

5. Do proxecto dos dinosaurios tedes a continuación unhas cancións e un video:
 - Cancións:
 - [Diez dinosaurios](#)
 - [Los dinosaurios](#)
 - [Los dinosaurios-Mi sala amarilla](#)
 - [veo veo - Dinosaurios - Canción Infantil](#)
 - Vídeos:
 - [DINOSAURIOS PARA NIÑOS \(Lucía Fernández Puente\)](#)
 - [Dinosaurios para niños - Rugidos, Nombres y más!](#)
 - Para ampliar e afianzar o vocabulario referente a este proxecto adxúntovos varios modelos de tarxetas de vocabulario con elas podedes:
 - Imprimilas, recortalas e usalas como máis lle guster para aprender e identificar palabras sinxelas.
 - Facer un mural.
 - Xogar con elas a adiviñar: Describimos a tarxeta e os nenos teñen que adiviñar de cal se trata.
 - Copiar as palabras, principalmente en maiúsculas (resúltalles máis doado)
 - Contar o número de letras ou sílabas(palmeando cada sílaba)
 - Identificar por qué letra empeza e remata.
 - Calquera outra actividade que se vos ocurra.
 - ***As das pegadas (huellas) de dinosaurios*** teñen que unir as dúas mitades das pegadas dos dinosaurios para que as imáxenes coincidan coa primeira letra das palabras.

6. Do proxecto de REUTILIZAR podedes ver con eles e lerlles as seguintes páxinas:
 - [Economía circular: la importancia de reutilizar productos y materiales](#)
 - [Instrumentos musicales a partir de materiales reciclados](#)
 - [Orquesta de Instrumentos Reciclados de Cateura](#)
 - [Reciclar bolsas de plástico para combatir las altas temperaturas](#)

e aprender a seguinte canción:

 - [Reducir, reutilizar y reciclar con HiperDino](#)

*Se facedes algo na casa no que reutilicedes algo agradeceríavos que mandarades fotos a dirección de correo que vos facilitei: **e.infantil.ml@gmail.com***

7. Facer un debuxo da familia na casa estes días facendo o que máis lle gusta. Podédesme enviar foto do mesmo para recopilarlos nunha carpeta que compartirei e engadir algún comentario dos nenos sobre o debuxo que fixo.